

RESTABLECEMENTO DAS VACINAS dTpa E Td

O subministro das vacinas fronte á difteria - tétano - tose ferina (dTpa) e Tétano - difteria (Td) restablécese na nosa comunidade a partir do vindeiro 2 de maio, normalizándose deste xeito o seu uso e restablecéndose a súa administración nas seguintes indicacións, tal e como recolle na nota informativa que pendura na web da Dirección Xeral de Saúde Pública [[ligazón](#)] e que se reproducen a continuación:

Vacunación con dTpa:

[1] Vacinación da muller embarazada entre as semanas 28 e 36 da xestación, con preferencia na semana 32. Esta vacinación continuará como ata agora, e segue sendo prioritaria dada a gravidade da tose ferina nos lactantes.

[2] Calendario de vacinación infantil:

- Vacinaranse os nenos nados segundo vaian cumprindo os seis anos.

- Administrarase a dose de vacina dTpa, a todos os nenos que cumpriron 6 anos e non a recibiron con anterioridade: nados no ano 2011 que neste ano 2017 xa cumpriron os 6 anos de idade, e os que cumpriron 6 anos durante os anos 2015 e 2016 (cohortes de nacemento anos 2009 e 2010) e que non recibiron esta dose de recordo no seu momento.

Vacunación con Td (vacina fronte ao tétano e difteria tipo adulto):

[1] Vacinación en calendario: administrarase aos 14 anos a dose de recordo coa vacina Td.

[2] Vacinación en adultos:

- No caso de adultos sen historial de vacinación, non iniciar nin continuar a pauta de vacinación nos seguintes casos: varóns < 60 anos e mulleres < 50 anos nadas no noso país, que non dispoñan de carné de vacinación ou outro rexistro, pero que sexan conscientes de ter recibido as vacinas correspondentes, que estivesen escolarizados, que recorden ter recibido algunha dose con compoñente tetánico con anterioridade, ou lembren ter sufrido unha reacción local tras

algunha vacina. Esta recomendación está baseada nunha serie de consideracións que se especifican na nota informativa e que se reproducen no Apéndice.

- No caso de adultos nos que exista criterios para iniciar a primovacinação, recoméndase seguir a pauta 0/1/6 meses.

Con posterioridade administraranse 2 doses de recordo cun intervalo entre 1 e 10 anos entre doses ata completar un total de 5 doses.

- No caso de adultos con primovacinação incompleta, en ningún caso se debe reiniciar a pauta de vacinación. Contabilizarase calquera dose administrada previamente e completarse a pauta. Interrómpese a pauta se se presenta unha reacción local importante a calquera dose de Td.

- No caso de adultos vacinados correctamente na infancia segundo o calendario, recoméndase a administración dunha única dose de recordo en torno aos 65 anos.

[3] Profilaxe postexposición ante feridas potencialmente tetanixenas:

Consultar o cadro de actuación ante feridas tetanixenas na nota informativa [[ligazón](#)].

Recórdase a importancia do emprego da IGT nas feridas de alto risco, independentemente da historia de vacinación do paciente (aquelas feridas potencialmente tetanixenas contaminadas con gran cantidade de material que pode conter esporas e/ou que presente grandes zonas de tecido desvitalizado); e ante calquera ferida potencialmente tetanixena, no caso de pacientes inmunodeprimidos e usuarios a drogas por vía parenteral, independentemente da historia de vacinación do paciente.

Ademais, aclárase que nos procedementos cirúrxicos estériles seguirase a mesma pauta de vacinación que para feridas limpas; e nas intervencións cirúrxicas con risco de contaminación esóxena, endóxena e intervencións non estériles seguiranse os mesmos criterios e pautas de actuación que nas feridas tetanixenas.

DECLARADOS OS PRIMEIROS ABROCHOS DA ENFERMIDADE MAN-PÉ-BOCA

Os enterovirus son os principais axentes etiolóxicos da enfermidade man-pé-boca, especialmente o Coxsackie A16, e, aínda que clasicamente esta enfermidade comeza a ser máis habitual a partir do verán, este ano xa se teñen declarados, as seccións de epidemioloxía das Xefaturas Territoriais de dúas provincias diferentes, tres abrochos, acontecidos entre nenos asistentes a garderías.

Como xa recolleu [Venres](#) non é necesario facer exclusión da

escola destes nenos, porque moitos son asintomáticos e os asintomáticos tamén transmiten e, ademais, porque o virus se pode seguir eliminando polas feces semanas despois de que remate a enfermidade.

De presentarse un abrocho (que, como todos os abrochos, debe sempre notificarse ao SAEG, teléfonos no rodapé), as recomendacións a seguir pódense consultar na seguinte [ligazón](#), na que se insiste, sobre todo, nas medidas hixiénicas.

RESTABLECEMENTO DAS VACINAS dTpa E Td

Consideracións previas á vacinación antitetánica

Na vacinación en adultos, débese valorar o risco individual de tétanos así como o estado de vacinación previo en base ás seguintes consideracións:

- O número de casos nos últimos anos é baixo e preséntanse fundamentalmente en adultos > de 64 anos e mulleres.
- A vacinación fronte a difteria, tétano e tose ferina, iniciouse no noso país no ano 1965, con baixas coberturas, e o primeiro calendario na nosa Comunidade no ano 1981.
- En Galicia levouse a cabo unha campaña extraordinaria de vacinación fronte ao tétano "CORTA CO TÉTANO" no ano 1983 para toda a poboación
- Ata o ano 2009 recomendábase a vacinación de recordo cada 10 anos. Dende entón recoméndase a administración dunha única dose de recordo en torno aos 65 anos nos vacinados correctamente na infancia.
- As enquisas de seroprevalencia amosan unha inmunidade boa, especialmente dende o inicio do calendario.
- Esta vacina utilízase habitualmente nos servizos de riscos laborais.
- A maioría dos varóns nados antes de 1983, é dicir maiores de 34 anos foron vacinados no servizo militar obrigatorio.
- Segundo os últimos estudos, se recibiron algunha dose dunha vacina conxugada con toxoide tetánico, xérase unha resposta serolóxica boa, similar a dunha dose de recordo.